

Nota de prensa  
do SLG

17-11-2008

## Mobilización 18 de Novembro: Polo dereito á negociación colectiva dos prezos agrarios

Labregas e labregos reivindicarán mañá en **Santiago de Compostela** o **dereito á negociación colectiva dos prezos agrarios**.

A grave situación que arestora están a sufrir as explotacións agrarias en xeral e as leiteiras en particular, perante do risco a vérense abocadas a **vender a súa produción a prezos ruinosos**, pon de releve a irregularidade predominante no sistema de contratación agraria que, no caso do leite se vendeu como a estabilidade a traves dos Contratos Homologados.

En todo tipo de contratos, a/o traballadora/o primeiro negocia as condicións e o prezo do seu traballo e, se está conforme, asina.

No sector lácteo asinouse no mes de maio, por parte das industrias e de XXAA e UUAA, coa mediación da CMR e o MARM, todo o contrario ao sentido común e ao dereito: un contrato sen prezo para o noso traballo. E agora, por riba, van demandar nunha manifestación que ese contrato se cumpra!

As empresas “fan e desfán”, marcan prezos á baixa constantemente sen que as organizacións asinantes nin as administracións lles podan poñer coto ningún.

**Os prezos de mercado márcanos industrias e distribución co único criterio de gañar máis e apoiar a industrialización do proceso de produción de alimentos.** Aquí quen sempre perden son labregas e labregos e o conxunto da cidadanía. **O SLG defende o establecemento de prezos mínimos que cubran custos e traballo.**

Non nos cansaremos de defender que primeiro ten que haber un prezo mínimo para o leite e resto de produtos agrarios, establecido por norma, e despois refrendalo nun contrato.

Esa é a diferenza substancial pola que mañá hai convocadas dúas manifestacións. Non se pode andar enganando a ningún: **a unidade nas**

**mobilizacións e nas reivindicacións rompérona XXAA e UUA** asinando un contrato sen prezo o 21 de maio, cando as gandeiras e os gandeiros estiveran na rúa o 30 de abril demandando prezo e estabilidade..

A unidade de mobilización e reivindicación volvérona romper agora convocando pola súa conta e, sen contar co SLG, unha mobilización para defender os contratos sen prezo.

A mobilización convocada polo SLG baixo o lema xeral “**Polo dereito á negociación colectiva dos prezos**”, partirá ás 11:30 diante da Consellaría do Medio Rural e rematará no Obradoiro, diante da sede oficial da Presidencia da Xunta de Galicia.

### **Primeiro o prezo, despois contrato.**

**Que ninguén se engane: a única manifestación en defensa dos prezos é a do Sindicato Labrego Galego.**

Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

**Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG**

**TLF: 619 348 426**